

VIEIROS

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

María do Cebreiro Rábade Villar: As terceiras mulleres

Dende a corrente alterna dos estudos de xénero

As terceiras mulleres

María do Cebreiro Rábade Villar

Galaxia, Vigo, 2005. 150 páxs., 12,50 €

Posicionada en feminino e cunha ollada subversiva, sempre resistente, María do Cebreiro Rábade Villar arrequeña o eido dos estudos de xénero e de crítica literaria cunha serie de diversos traballos que forman o ensaio *As terceiras mulleres*, atravesados, todos eles, polo recurso ao prisma múltiple e interdisciplinar que lle proporciona a literatura comparada.

- 09:08 21/04/2005

A crítica literaria e o esforzo comparatista xa coñeceran a pluma desta autora que, ademais de beber no tinteiro da creación poética con varias achegas (coas que acadou diversos premios) e renunciar a el para apostar pola edición dixital máis recentemente, leva dado ao prelo dúas antoloxías (recolendo poesía galega contemporánea, nunha, e letras de cancións interpretadas por mulleres afroamericanas, noutra), así como un estudo sobre antoloxías poéticas galegas e catalás. Deste xeito, e sen que mocidade signifique falta de experiencia ou de rigorosidade nestes vieiros, María do Cebreiro recunha para ofrecer desta volta un cadro multicolor que amalgama diversas disciplinas. Pinceladas musicais, cinematográficas, filosóficas... partillan páxinas cos trazos literarios onde a perspectiva múltiple mestura as liñas para debuxar o contorno da criatura posmoderna cuxas marxes se tornan, así, reveladoras. Sobre todo nunha análise que sitúa na periferia dun sistema literario, como é o galego, e duns estudos críticos, como son os de xénero. Temos que ter en conta, entón, que se persegue "acceder ao múltiple sen reduci-lo aos esquemas totalizantes", como a propia autora anticipa no Limiar e desenvolve máis pormenorizadamente para ilustrar o último capítulo.

Vexamos, pois, as cores da paleta e tiremos dos fíos que as unen. Atoparemos deste xeito un cadro composto por nove traballos moi diferentes, mais que se sustentan por tentar presentar unha nova visión dos temas que abordan. Así, os nove capítulos que xunto co Limiar a xeito de introdución e resumo compoñen este ensaio reparan na cuestión de xénero, tanto sexual como literario e artístico, entendido o primeiro, ora para cavilar na imaxe que se proxecta na literatura patriarcal sobre as mulleres ora para profundizar na autorrepresentación feminina que racha coa obxectualización, mentres que o sentido segundo (e non por iso secundario) explora a rendibilidade de analizarmos a implicación existente entre as diferentes artes para descifrar as súas mensaxes.

A posta en práctica comeza, xa que logo, pola ollada á antigüidade clásica na figura de Ovidio, de cuxas [*Metamorfoses*](#) se rescatan os versos 605-704 para tirar o seu valor subversor e, polo tanto transformador da orde social e dos valores tradicionais a través da representación das personaxes femininas no episodio das fillas do rei Anio. Ademais de explorarse a relación paródica deste autor latino con respecto ás fontes homéricas e a súa difícil clasificación xenérica, é lícito lembrar o desterro que padeceu por orde do emperador Augusto, que aínda que non se salienta neste estudo, quizais ilustre a súa incómoda e irreverente presenza para a orde imperial.

No segundo capítulo a autora trasládanos á Baixa Idade Media cun poema do que, aínda antollándose difícil a súa atribución a Violant de Vilaragut, cómpre resaltar que a man feminina que o escribiu (raíña de Mallorca e esposa de Jaume III) amosa unha visión diferente da *fin d'amors* que a singulariza da lírica medieval románica, e que serve así como punta do iceberg para tratar máis polo miúdo a visión que na lírica medieval se plasma do amor e do rol que ocupa a muller nel. Estes dous aspectos son tamén estudados no capítulo seguinte, servíndose agora dunha obra narrativa anónima do século XIII escrita en lingua occitana, *Flamenca*, coa que se compara un poema cunqueiriano titulado "Dona Flamenca", trazando analoxías e diferenzas.

Nos dous traballos presentados a continuación vézase a coordenada espacial e diríxese a análise cara á realidade colonial mexicana, por unha banda, analizando un soneto erótico do que se considera o primeiro escritor latinoamericano en lingua castelá (Francisco de Terrazas); e cubana, pola outra, mediante a visión do amor nas cancións populares postas nas voces de mulleres. A revisión de aspectos relacionados coa visión actual de dúas figuras femininas da literatura universal, Rosalía de Castro e Virginia Woolf, ocupan as liñas dos apartados sexto e sétimo. Mentres que, nos dous últimos capítulos, este afán revisionista e crítico se deterá, primeiro, no baleirado do sentido do amor por parte da sociedade poscapitalista que o somete ás leis do mercado e, finalmente, estudando a estética expresionista nas súas diferentes plasmacións artísticas, tanto plásticas como literarias.

Con todo, non entenderíamos este mosaico do que se leva a cabo o estudo crítico comparatista se non nomeásemos os alicerces que o sosteñen e que latexan en todos e cada un dos traballos que se nos presentan. Isto é, procúrase en todos eles unha revisión crítica de diferentes temas (entre os que sobresaen con diferenza a temática amorosa e erótica) mediante un prisma actual e interdisciplinar que despoxe os tópicos herdados das roupaxes canónicas. A táctica da lectura resistente frutifica, aquí, cun arrequentamento de novos datos que sinalan o subalterno e singular de moitos textos que conteñen representacións femininas e de autoría feminina.

Por outra banda, o xeito en que a autora nos guía por este caudal de contidos e termos de retórica, onde se agradece o bo quefacer discursivo na exposición e no control da palabra, permiten a un lector interesado na crítica literaria (a quen vai dirixido eminentemente) tirar de xeito máis exhaustivo dos fíos das súas investigacións, ofrecendo ao final de cada traballo a bibliografía da que se botou man, así como notas e aposicións aclarativas para evitar o ensarillamento. Por isto, *As terceiras mulleres* supón unha achega interesante e nova para os estudos de xénero e crítica literaria, ademais dun bo apoio como libro de consulta para ilustrar cunha visión propia os temas que trata. Temas, como vimos, diversos, o cal pode propiciar que se bote man del dende diferentes ámbitos, mais tamén supón que non se poida adscribir en concreto a ningún deles. Heteroxeneidade que nalgúns casos se debe ao feito de seren traballos escritos con diferentes motivacións, algún rescatado de publicacións anteriores (como no caso da análise dedicada a V. Woolf) e actualizados para este ensaio. Diverso e plural, unha vez máis, nos razoamentos e contidos ("a literatura é de todos os tempos e lugares", apunta a autora), fuxidío e subversivo, como produto do seu tempo, nas categorías (sirva de exemplo o final aberto cun poema de Cummings).